



Concello de Taboadela

Expediente núm.: 102/2023
Bando de Alcaldía-Presidencia
Procedemento: Xulgado de Paz
Interesado: Tribunal Superior de Justicia de Galicia

BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Álvaro Vila Araujo, Alcalde deste Concello, fago saber:

O Tribunal Superior de Galicia na súa reunión do 13 de xaneiro de 2023, estando próximo a vencer o período de catro anos do nomeamento de xuíz de paz, acordou prorrogar o cargo de xuíz de paz titular e substituto ata a toma de posesión dos titulares.

Corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas Xuíz de Paz, titular e substituto deste Municipio, de conformidade ao que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Ábrese un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais solicítelo por escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais da Corporación e na sede electrónica deste Concello [<http://taboadela.sedelectronica.gal>] onde poderán ser presentadas dentro do prazo establecido.

Na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

No caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

